


**foro**

## O interese dos proxectos na escola infantil

**M.º Dorinda Mato Vázquez**, Universidade da Coruña, [mmatov@udc.es](mailto:mmatov@udc.es)


Nunca foi doado manter a atención dos nenos e das nenas de educación infantil durante un treito prolongado. Precisamente este é un dos retos que se lles presenta ata aos docentes máis experimentados. Nestas idades é importante lograr xa a participación dos rapaces e desenvolver a súa capacidade de expresión, porque este é o camiño que conduce a un bo desenvolvemento cognitivo e emocional. As tarefas que proponen as prácticas más innovadoras adoitan sustentarse sobre o "aprender facendo", sempre dende enfoques globalizados que permiten adecuar o ensino ás súas necesidades e intereses.

Neste sentido, o traballo por proxectos amósase como unha metodoloxía que propicia a construcción de coñecementos a través da experiencia, da investigación, do descubrimento, da motivación, da reflexión e do desafío. Unha maneira de ensinar que responde á curiosidade infantil e facilita a formación de cidadáns críticos, capaces de desenvolver as competencias básicas que lles permitan seguir aprendendo toda a súa vida. Non hai que esquecer que hoxe os resultados da educación se miden polas competencias que adquieren os alumnos e non pola cantidad de coñecementos acumulados, máxime cando nos referimos a esta etapa educativa.

No percorrido dun proxecto, os estudantes revelanse como os verdadeiros protagonistas da súa aprendizaxe, desempeñan un papel activo, orientan a súa actividad cara ao coñecemento, na medida en que buscan respostas ás cuestións que se formulan; aprenden a falar e a escutar, a valorar os materiais que empregan, e, por suposto, a controlar os seus impulsos. O mesmo uso dos recursos favorece a autonomía, porque se ven na obriga de ter que decidir cales son os que poden proporcionarles as contestacións que buscan. Todo isto leva consigo a adquisición de destrezas que van resultar de moita utilidade para levar a cabo as actividades habituais cun certo grao de responsabilidade e iniciativa. Cómpre salientar, así mesmo, que esta maneira de traballar vai moi ligada á vida dos rapaces, aos seus deseños e ás posibilidades que o medio lles ofrece. Dito isto, podemos concluir que se favorece a súa formación física, intelectual, afectiva, social e moral.

O alumno desenvolve as competencias básicas mediante a observación, a intuición, o razonamento e a creatividade. Nesta dirección, aprende a integrar os coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas en contextos diversos, nos que acaba conxugando coñecementos teóricos e prácticos para poder aplicalos logo en situacións distintas ás propiamente escolares. Tampouco convén esquecer que o profesorado atopa un recurso moi efectivo para atender, tanto os diferentes estilos e niveis de aprendizaxe, como a diversidade étnica e cultural, posto que todos os estudantes se ven inmersos nun maior nivel de participación e se senten estimulados co traballo cooperativo, que favorece o desenvolvemento de actitudes assertivas e habilidades sociais.

Os proxectos tamén garanteñ a aprendizaxe significativa, pois o que os vertebran son as preguntas feitas a partir dos intereses e motivacións dos alumnos. O neno non almacena coñecementos, senón que os constrúe mediante a interacción cos obxectos circundantes. É dicir, vese involucrado de maneira activa, porque os coñecementos xorden das súas propias interrogantes. Todo arranca dunha situación real vivida polos alumnos: presentación de obxectos, visita de personaxes, saída a algún lugar, acontecementos, etc. Aínda así, en moitos casos, o mestre deberá utilizar estratexias para que o grupo sinte a necesidade de traballar sobre un tema concreto que interesa. Tamén lle corresponderá ao adulto seleccionar con sumo esmero os recursos materiais e as actividades que faciliten a aprendizaxe útils para a vida.

O tempo adoita ser indefinido. O que cumpra. Dependerá basicamente, do interese dos alumnos. Os contidos curriculares trátanse de maneira integral, co que se evita a fragmentación do coñecemento en compartimentos estancos. É dicir, pártese dunha situación que desencadea un conflito cognitivo nos nenos e que os conduce a buscar posibles alternativas para superar esa situación e resolver o problema deseñado.


En conclusión, un excelente recurso para personalizar o ensino, estimular a actividade reflexiva e a análise crítica, tan necesaria na vida agora.

[imprimir páxina](#)
**outros artigos**

O interese dos proxectos na escola infantil  
M.º Dorinda Mato Vázquez, Universidade da Coruña, [mmatov@udc.es](mailto:mmatov@udc.es)

Recordos da infancia. A pegada dun bo mestre  
José Raposeiras Correa, Equipo de Orientación Específico de Pontevedra

A predisposición dos nenos á sabedoría  
Javier F. Rouco Ferreiro, Asesor de Infantil e Primaria

*viñeta*  
**Francesco Tonucci**

**INFORMÁTICA NA ESCOLA**

**O MÁS VISTO**
[Máis alá da escola: a educación non formal](#)
[A auga cos cinco sentidos](#)
[Un proxecto sobre a auga en educación infantil](#)
[Preescolar na Casa: historia dunha atinada intuición](#)
[Congreso Internacional AIESEP2010. Os profesionais da educación física na promoción dun estilo de vida activo](#)
[O interese dos proxectos na escola infantil](#)
**COLABORA COA REVISTA**
[Foro](#)
[Cartas á directora](#)
[Investigación](#)
[Experiencias](#)
**OUTRAS SECCIONES**
[Tribuna](#)
[Axenda](#)
[Mediateca](#)
[Que é](#)
[Lexislación](#)
[Hemeroteca](#)
[Editorial](#)